

# Philippe Gabriel

Curador: Vitor Nieves

**06.11 -  
16.12.2023**

**PEELE**



O Espazo de Arte Roberto Verino e a Asociación Outono Fotográfico consolidan a súa colaboración anual, unha tradición que se mantén durante os meses nos que acontecía o festival de fotografía histórico Outono Fotográfico. Nesta ocasión, contando co apoio do Instituto de Produção Cultural e Imagem (IPCI, Portugal), teñen a honra de presentar a primeira exposición individual de Philippe Gabriel no noso país. Este proxecto, respaldado recentemente pola Galeria Imago Lisboa, reúne unha selección de obras que exploran as complexidades da relación materno-filial, a través dunha singular abordaxe da fotografía vernacular que nos mergulla nas profundidades da memoria persoal e colectiva.

# PELE

Philippe Gabriel desafia os límites da fotografía de álbum familiar revelando unha linguaxe íntima e universal, con reverberacións das lembranzas da súa propia relación coa nai. Cada imaxe da que se apropia é minuciosamente manipulada, desmontando e reconstruíndo os lazos materno-filiais. As fotografías adquiren unha nova vida nas súas mans e, polo tanto, novos significados que traen unha mudanza de significantes que convidan, entre outras reflexións, a sopesar a natureza inestábel das relacións familiares, ademais de espallarse pola idea de efemeridade, unha sorte de *tempus fugit* contemporáneo.

A resignificación destas imaxes apropiadas faise coa sensibilidade que caracteriza o autor, que concomitantemente desfai os lazos simbólicos entre a infancia e a autoridade, entre fragilidade e forza, e introduce elementos de estrañamento e introspección. Os papeis — e os corpos — rabuñados e cosidos, testemuñan a dor de nacer nun corpo vulnerábel e a busca dunha identidade propia.

O artista brasileiro, residente en Lisboa, trae consigo unha bagaxe rica de experiencias e diversas influencias artísticas. Durante os dous últimos anos, Philippe Gabriel embarca nun proxecto reparador que comeza ao atopar un tesouro esquecido na Feira da Ladra (Rastro da Lisboa). Fotografías antigas, descartadas por unha familia descoñecida, atoparon un novo propósito ao cruzarse no camiño do artista.

Na práctica artística de Philippe atopamos resonancias con artistas contemporáneos do Brasil que exploraron o poder transformador da fotografía vernácula. Entre eles, Rosângela Rennó, que, coas súas intervencións fotográficas, rescata e recontextualiza imaxes perdidas no tempo, infundíndolles novos significados e revelando narrativas ocultas. Tamén podemos albiscar ecos do traballo de Marcos Bonisson, que coa fotografía histórica e a apropiación de álbums familiares, mergúllase nos fardeis do imaxinario colectivo das memorias afectivas.

Alén do panorama brasileiro, a contribución de artistas que usan a fotografía familiar como fonte de inspiración e investigación tivo unha gran influencia na construción do proxecto que hoxe habita o Espazo de Arte Roberto Verino. Como a obra de Christian Boltanski, centrada na memoria colectiva e na fugacidade da vida, ou a de Sophie Calle, sempre convidando a descubrir as historias persoais a través do arquivo fotográfico.

A concepción final da investigación de Philippe Gabriel formalizouse nun Libro de Artista, que pretende ser un álbum tradicional mais que, a cada volta de páxina, expande os coutos do convencional. Nel atopamos páxinas despregábeis, fíos vermellos que arrastran capas ocultas de imaxes e fragmentos de fotografías que se converten en quebracabezas visuais.

Ao repensar o proxecto para a exposición, curadoría e autoría tecen novas obras a partir de cada unha das páxinas do mencionado Libro de Artista. Novos materiais e soportes viñeron á exposición nunha fiel tradución da peza-libro á arquitectura do Cubo Branco. Pezas tridimensionais cobran vida no espazo expositivo, agardando unha interacción. Este enfoque chama á participación activa para

nos envolvermos nunha experiencia que trascende a contemplación pasiva e que nos induce a revelar segredos, reconstruír narrativas e testemunhar a reinvención da memoria.

Nesta tradución á terceira dimensión, a habilidade do artista en incorporar prácticas artísticas tradicionalmente asociadas ás mulleres, que xa estaba presente no Libro de Artista, está agora representada nas costuras e nos interminábeis fíos de lá, nunha factura sutil que evoca reflexións sobre as identidades de nai e fillo e o que tradicionalmente se espera de cada unha delas. O autor redefine así as fronteiras do que é normativamente considerado masculino e feminino, un discurso habitualmente instalado nos intersticios da arte que abraza o feminismo e a evolución das prácticas artísticas historicamente marginalizadas.


*Ad majorem artis gloriam*, o artista, que tiña usado na edición do Libro de Artista un álbum antigo adquirido na Ladra, transmuta ese soporte polo uso coidadoso de molduras atopadas na mesma feira de antigüidades, reforzando a conexión entre pasado e presente, entre a intimidade e o espazo público, abeirándose claramente ao «the personal is political» de Carol Hanisch. No mesmo mosaico

de obras, tamén atopamos unha foto-pintura que nos achega á arraigada práctica fotográfica brasileira e que se entrelaza coas memorias do artista e a súa respectiva relación maternal. Esta fusión entre fotografía e pintura establece un diálogo visual que captura a esencia emocional das imaxes, transportándonos a un universo poético e nostáxico.

Á medida que avanzamos no percorrido expositivo, atopamos o eco das palabras de Clarice Lispector que, ao longo dos seus libros, expón os conflitos e a complexidade das relacións humanas. Algunhas das pezas, con todo, teñen unha voz poderosa máis semellante á de Conceição Evaristo, revelando, como ela, os matices da experiencia multiidentitaria brasileira e a loita por unha identidade libre de estereotipos e imposicións.

Philippe Gabriel fainos reflexionar sobre as memorias e as relacións familiares e enfróntanos coa dualidade entre apego e separación, amor e conflito, levándonos a contemplar a natureza insondábel dos lazos que nos moldan e nos definen.

**VÍTOR NIEVES.** Curador



**PHILIPPE GABRIEL** (1992. Tijucas, Brasil).

Reside en Portugal desde 2021. A través da fotografía procura comprender o outro que nos habita. Un outro que é invadido por pensamentos involuntarios, estrañezas, falta de recoñecemento identitario, e que acotío se manifesta na fotografía, no espello ou nas propias lembranzas. En diálogo directo coa literatura, as artes plásticas e a psicoanálise, procura desenvolver a fotografía como un método de investigación artística sobre as relacións humanas. É biólogo, artista visual e graduouse no Máster en Fotografía Artística no Instituto de Produção Cultural e Imagem (Lisboa). Xa produciu libros de fotografía e de artista, ademais de participar en exposicións colectivas e individuais con traballos de fotografía, vídeos e instalacións. A súa última exposición individual foi «Pele», encadrada no ciclo expositivo «Em contramão: da desumanização aos cuidados», curado por Vítor Nieves na Galeria Imago Lisboa.

**COORDINACIÓN DE PRODUCCIÓN**

Asoc. Outono Fotográfico e Instituto de Produção Cultural e Imagem (IPCI).

**PRODUCCIÓN**

Vítor Nieves, António Pedrosa, Philipe Gabriel,  
Luiz Fernando Botega e Rosa van de Vooren.

**IMPRESIÓN**

Lumen e IPCI.

**ENMOLDURADO**

Moldarte e Philipe Gabriel.

**DISEÑO EXPOSITIVO**

Vítor Nieves.

**DIRECCIÓN DE MONTAXE**

Vítor Nieves.

**MONTAXE**

Asoc. Outono Fotográfico, Roberto Veri

**DOCUMENTACIÓN**

Vítor Nieves.

**DESEÑO GRÁFICO**

Vítor Nieves.

**PLANO DE COMUNICACIÓN**

Asoc. Outono Fotográfico.

**COMUNICACIÓN**

Roberto Verino, Asoc. Outono Fotográfico e IPCI.